

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:28 horas do día 20/10/23, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D^a: MARTA FERNANDEZ-TAPIAS NUÑEZ**, sendo a súa suplente **D^a. M^a SANDRA BASTOS MIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D. CARLOS LOPEZ FONT, D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. GREGORIO AGIS GOMEZ** en substitución de ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, **D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA OTERA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes, Xuventude e Vida Saudable.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 22 de setembro de 2023

2.-DAR CONTA DA CONCESIÓN DE AXUDAS A DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO_DAN E DEPO_DAN+) E DEPORTISTA PROMESA (DEPO_PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 09 de xuño de 2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión a deportistas recoñecidos coa categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista promesa (DEPO_PROMESA) da provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Unha vez comprobadas todas as solicitudes recibidas, concédense por RP un total de 285 axudas a deportistas, sendo 179 para DEPO_DAN, 12 PARA DEPO_DAN+ e 94 DEPO_PROMESA por un importe total de 250.000,00 €

3.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CAMPAMENTOS A LANZADA 2024”

A Deputación de Pontevedra a través do servizo de Cohesión Social e Xuventude, ten ente os seus fins promover a participación da xuventude da nosa provincia en actividades de ámbito da educación non formal, da inserción sociolaboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultural, lecer e do tempo libre.

Ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada 2024”, que se desenvolverá no centro vacacional de A Lanzada, situado no concello de O Grove.

Poderán disfrutar un máximo de 1540 menores, das que 1330 prazas serán adjudicadas polo procedemento xeral e 210 prazas serán reservadas para menores en situación ou risco de exclusión social, todos eles distribuídos en 11 quendas entre os meses de xuño e setembro.



4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:30 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

